



SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 26 de novembro de 2020, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 29 de outubro de 2020.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes outubro de 2020.
3. Toma de coñecemento da relación de investimentos, gastos correntes e actividades solicitadas ao Plan de obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2018-2019 e 2020).
4. Toma de coñecemento do Plan Anual de control financeiro 2020-2021 elaborado pola Intervención Municipal.
5. Aprobación inicial, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 04/CE/2020 e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº 02/CF/2020.
6. Aprobación inicial, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario nº 05/CE/2020.
7. Aprobación, se procede, da modificación parcial da Ordenanza Fiscal nº II.12, reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.
8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común solicitando a mellora necesaria en varios centros de educación unitaria (Bamio, Guillán e Solobeira).
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para frear a proliferación das casas de apostas.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, para continuar avanzando cara a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para creación dun fondo de financiamento para a reactivación económica e social da Provincia de Pontevedra.
13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE sobre o Plan de Transporte
14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.



16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 23 de novembro de 2020.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

A SECRETARIA XERAL,

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

Sinatura dixitalizada